

Anexo IV

PROXECTO
DA
BIBLIOTECA ESCOLAR
DO
C.E.I.P Isaac Peral



C.E.I.P. Isaac Peral

Avda. Mac Mahón s/n.
15403 Ferrol
Tfno: 981 354699- Fax 981 354573
ceip.isaac.peral@edu.xunta.es

PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

1. TÍTULO DO PROXECTO

DE AVENTURAS CON PERALIÑO POLA RÍA

2. XUSTIFICACIÓN

Despois deste 1º ano de variadas experiencias e actividades levadas a cabo na nosa biblioteca, nesta nova andaina dentro do PLAMBE pretendemos que a biblioteca siga sendo un espacio de dinamización da cultura en todos os soportes, que chegue a toda a comunidade educativa e que continúe coma un valor engadido do noso centro.

Pretendemos seguir involucrando aos alumnos/as **na aventura de ler** para acadar un desenvolvemento en todos os campos da aprendizaxe e a información.

- Esta nova andaina terá a finalidade de continuar **o plan lector** iniciado este curso (**1ª fase, sensibilización**) e a posta en marcha dun **tempo para ler** (no 2º trimestre, en hora lectiva de 20m, despois do recreo), que foi moi ben acollido por toda a comunidade educativa.

Queremos continuar neste proxecto para afianzar diversos aspectos traballados, aproveitando a motivadora experiencia levada a cabo.

Todo elo non quita a necesidade de ampliar e matizar aspectos en desenvolvemento:

- Un deles será continuar con todo o proceso de informatización dos fondos existentes, que a pesar do avanzado, por faltas de horas destinadas á biblioteca, non fomos quen de rematar.
- Incorporar os novos fondos que vaian chegando e vaíamos adquirindo.
- Planificar e organizar actividades que teñan un carácter lúdico á vez que ensinen e creen nos nosos alumnos/as a curiosidade polo saber e a investigación.

- **Manter a nosa mascota** (o submarino que simboliza ao centro) viva e dinámica, como fonte motivadora e transmisora das actividades que se leven a cabo.

Despois de asistir a varios cursos, ponencias... sobre Bibliotecas Escolares e sopesar a importancia dos proxectos vistos, decidimos “**embarcarnos**” nun proxecto de traballo cunha temática concreta:

“De aventuras con Peraliño pola ría”

As razóns que nos levan a escoller este tema son:

- A posibilidade de involucrar a todo o profesorado, permitindo a flexibilidade e horizontalidade coa súa participación, aportando a súa opinión e deseñando o abano de actividades de E. I. a 6 anos
- A especial relación que o colexio ten co medio mariño, debido á vinculación directa que as familias teñen co mar:mariños, traballadores da industria naval...;a proximidade ao mar e ao seu porto; aos castelos que enmarcan a ría e como non, o propio nome do centro.
- A gran motivación que suscitou a maleta viaxeira con temática sobre o mar, non a queremos desaproveitar, polo tanto por aí canalizaremos o novo proxecto, onde o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe

Nel todo o Claustro de profesores, ANPAS, familias e persoal non docente están involucrados, apoiando unha aprendizaxe dinamizadora, adaptada as necesidades individuais dos nosos alumnos/as.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO

O noso centro ten dous edificios, un máis pequeno no que están as aulas de E. Infantil e outro máis grande no que se atopan as aulas de E. Primaria. Este último edificio consta de dúas plantas. *A biblioteca atópase no segundo andar, ao lado das escaleiras, fronte da sala de profesores.*

Neste curso non houbo variacións con respecto a ubicación, si en canto á súa distribución, mobiliario e organización:

- Fíxose máis adaptable e acolledora as idades dos nenos, mercándose mesas e cadeiras novas, ao igual que librarías axeitadas, co fin de fomentar a autonomía do alumnado máis pequeno.
- Estableceuse o préstamo dos libros mediante un sistema informatizado.
- **Iniciouse a formación do profesorado nas novas tecnoloxías.**
- Formáronse alumnas de 6º para levar a cabo os préstamos, sempre baixo a supervisión da titora ou da responsable da biblioteca.
- Tráballouse co carné de biblioteca como medio de motivación á lectura ao ir contando cantos cuños de Peraliño teñen.
- Recopilouse todo o material audiovisual, tanto de información coma de divertimento, pero aínda non foi posible informatizalo polo que non se puido facer un préstamo do mesmo.
- Como vía de motivación sacáronse aos corredores libros con diferentes temáticas, alusivas ás distintas conmemoracións que festexamos.
- Colocación de carteis identificativos para os libros de consulta.

Para o próximo curso pretendemos:

- Manter a mesma catalogación dos fondos seguindo a CDU que adoptamos para o noso centro (axúntase a adaptación)
- Facer extensiva a formación de usuarios para que teñan máis autonomía no préstamos de libros.
- Informatizar todo o que falte.
- Dotar a todas as aulas de mapas e informatizar todos os da biblioteca.
- **Interrelacionar o PLAMBE co Plan TIC** para obter un maior rendemento dos nosos fondos.
- Xerar actividades que leven a o noso alumnado a unha formación completa de todos os soportes da información.
- Continuar proxectando a nosa biblioteca aos corredores, aulas...

Sentimos que o tempo do que se dispón neste centro e os recursos humanos son insuficientes, e non quixéramos que a boa dispoñibilidade chegara a queimar e que este tipo de plans indispensables deixaran de levarse a cabo.

Tendo en conta o número de alumnos/as que hai no centro **necesitaríamos unha persoa máis, para descargar de horario docente ás encargadas da biblioteca.**



Zona de consulta

Mobiliario novo



ADAPTACIÓN DA CDU Á NOSA BIBLIOTECA

0 - XENERALIDADES, DICCIONARIOS, ENCICLOPEDIAS	
00	Inventos e descubrimentos
03	Enciclopedias e dicionarios
04	Informática

2- RELIXIÓN

3 – CIENCIAS SOCIAIS	
37	Traballos manuais
39	Vida Social

5 – MATEMÁTICAS. CIENCIAS NATURAIS	
50	Ecología
51	Matemáticas
52	O Universo
55	A Terra
58	Os Animais
59	As Plantas




6 – CIENCIAS APLICADAS. MEDICINA. TECNOLOXÍA	
61	O noso corpo
62	Educación Vial
65	Os transportes










7 – ARTE. MÚSICA. DEPORTES. ESPECTÁCULOS	
7	Pintura, debuxo, artes plásticas
78	Música
79	Os xogos e deportes

8 – FALAR, LER, ESCRIBIR	
81-I	Inglés
81-F	Francés
82-N	Narrativa
82-P	Poesía
82-T	Teatro

9 - XEOGRAFÍA, BIOGRAFÍA, Hª	
91	Xeografía
92	Biografías
93	Historia

4 - LITERATURA GALEGA	
4 - N	Narrativa
4 - P	Poesía
4 - T	Teatro
4 - LG	Letras Galegas

LITERATURA INFANTIL	
Contos	
LINGUA GALEGA	
	Educación Infantil 1º Ciclo de Educ. Primaria
	2º Ciclo de Educ. Primaria
	3º Ciclo de Educ. Primaria

LITERATURA INFANTIL	
Contos	
LINGUA CASTELÁ	
	Comics
	Educación Infantil 1º Ciclo de Educ. Primaria
	2º Ciclo de Educ. Primaria
	3º Ciclo de Educ. Primaria
	
	
	
	
	

4. ANÁLISE DAS NECESIDADES DE RENOVACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS DOCUMENTAIS

Ao longo deste curso intentamos adaptarnos as recomendacións internacionais reflectidas na “*Guía para a Selección de Materiais para as Bibliotecas Escolares – Infantil-Primaria*” recollida nas Bibliotecas Escolares de Galicia, os fondos das bibliotecas deben ter un 60% de obras de coñecemento e información e un 40% de obras de ficción, e tendo en conta que aínda non chegamos a esa porcentaxe e polo que consideramos necesario:

- a) *Continuar cubrindo esas necesidades de coñecemento, información, idiomas, dirixidos as novas tecnoloxías por medio da adquisición de material informático e audiovisual(CDs, DVD...)*
- b) *Adquisición de material axeitado aos alumnos con nee, programas informáticos facilitadores de aprendizaxe.*
- c) *Adquisición e renovación daqueles libros que sufran deterioro dado o seu uso frecuente.*
- d) *Recursos on-line: selección de páxinas web por temas, portais educativos e lúdicos, bases de datos...*

Para levar a cabo isto, o equipo da biblioteca propoñerá **un plan de adquisicións** acollendo as suxestións e necesidades dos distintos ciclos do centro, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada de fondos.

Tamén consideramos importante para un bo uso das instalacións da biblioteca:

- e) *Mercar algúns revisteiros e mobles de vídeos, CDs e DVD.*
- f) *Cambiar a porta por unha acristalada para invitar a entrar na biblioteca.*
- g) *Adquisición de equipamentos audiovisuais e informáticos: un combo de televisión e DVD para levar ás aulas, ordenadores fixos ou portátiles para as aulas...*

Despois da análise das necesidades, a asignación económica que consideramos necesaria é de igual cantidade que o curso anterior **8000€**

- **1.** Fondos documentais impresos, audiovisuais, informáticos **1800€**
- **2.** Suscripcións a publicacións periódicas **600€**
- **3.** Edicións de materiais impresos para fomento á lectura, formación de usuarios, educación documental e dinamización da Biblioteca **600€**
- **4.** Mobiliario específico para a biblioteca escolar **1000€**
- **5.** Equipamentos audiovisuais e informáticos **4000€**



Necesitamos máis equipamento para a zona informática e audiovisual

5. OBXECTIVOS

Desexamos que este proxecto axude a que a nosa biblioteca continúe sendo un centro de recursos de información, lectura e aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro, e un medio de compensación social.

Por iso mantemos os seguintes obxectivos:

XERAIS

A) O equipo docente

- Favorecer novas experiencias que nos axuden na práctica docente.
- Potenciar a comunicación e coordinación entre os mestres.
- Fomentar un ritmo de traballo sistemático.
- Integrar as fontes informativas, en calquer soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares

B) O alumnado

- Espertar a súa sensibilidade e curiosidade.
- Estimular a imaxinación.
- Desenvolver un espírito crítico cara a sociedade e ao medio ambiente que lle rodea.
- Capacitalo para acometer o futuro, desenvolvendo a súa autonomía.
- Desenvolver comportamentos correctos dentro dunha comunidade:
 - respecto aos compañeiros, á diversidade.
 - coidado de libros e mobiliario.
 - autodomínio de impulsos.
 - capacidade de concentración.
 - participación nas diversas actividades.

ESPECÍFICOS

A) Organización da biblioteca

- Establecer normas de utilización dos espazos e materiais
- Xestionar todo o material do centro a través da biblioteca.
- Catalogar os novos fondos da biblioteca seguindo a CDU
- Crear ambientes axeitados para fomentar a lectura.
- Elaborar a 2ª fase do Plan Lector
- Continuar co **tempo para ler**

B) Formación de usuarios

- Integrar as fontes informativas en calquera soporte para o tratamento dos contidos curriculares.
- Capacitar ao alumnado no manexo de todas as fontes documentais, **a través do traballo planificado polo plan TIC**
- Desenvolver comportamento correcto e de colaboración:
 - a. Respeto aos compañeiros e á súa diversidade.
 - b. Respeto ao coidado dos materiais empregados.

C) Educación documental

- Facilitar ao profesorado información sobre as novas tecnoloxías da información e comunicación, **asesorados por un grupo de traballo creado no centro para e elaboración do plan TIC**
- Proporcionar instrumentos ao profesorado para que poida desenvolver a súa labor tutorial con maior facilidade.
- Proporcionar ao profesorado material para facilitar a aprendizaxe do alumnado con nee.

- Crear un taller de formación de usuarios para aprender a buscar información en internet interrelacionándoa coa información escrita.
- Facilitar ao noso alumnado do 3º nivel de E.Primaria a adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu posterior tratamento.
 - Acceder a información con eficiencia e efectividade.
 - Avaliar a información de forma crítica e competente.
 - Usar a información de forma correcta e creativa.

D) Apoio ao estudio

- Analizar programas e libros axeitados para os alumnos con nee.
- Facilitar programas, recursos e materiais de apoio para traballar con alumnos con nee.
- Estimular a linguaxe oral e corrixir as dificultades existentes.
- Desenvolver a capacidade de comprensión e expresión.
- Reforzar a adquisición de destrezas de comprensión lectora e expresión escrita.
- Conseguir que o alumnado que presenta desigualdades sociais adquira as destrezas necesarias para localizar e utilizar as fontes documentais que lle permitan a aprendizaxe autónomo de tódalas áreas do currículo e tamén o seu propio divertimento.
- Posibilitar cos nenos de familias con poucos recursos económicos teñan acceso desde a biblioteca aos libros e as novas tecnoloxías informáticas (internet, ofimática, ...).

E) Fomento da lectura

- Desenvolver actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores.
- Descubrir o pracer pola lectura.
- Formar ao noso alumnado como lectores e lectoras competentes.
- Acadar o hábito lector do noso alumnado.
- Desenvolver formas de lectura: silenciosa, en voz alta, rápida, selectiva.
- Ser quen de recoñecer distintos tipos de textos escritos: científicos, técnicos, descritivos, argumentais.
- Capacidade de ler en diferentes soportes: xornais, libros, ordenador, etc.
- Comprender as distintas motivacións que lle levan a iniciar unha lectura: por pracer, deber, interese, necesidade de información....
- Saber facer uso de diversos espacios de lectura: biblioteca escolar, pública; hemeroteca.
- Ponderar a utilidade que pode aportarnos a lectura.
- Defender o seu dereito a ler calquera tipo de libros que lle produzan pracer.
- **Pero sobre todo que:** A lectura resulte un medio de diversión; unha forma de deleite. O que se está a conquistar co desenvolvemento **do Plan Lector**



Hora de ler

6. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

O ENCARGADO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Para un bo funcionamento da biblioteca é imprescindible a axuda de todo o profesorado cunha eficaz colaboración de todos e todas. Por iso seguimos a pensar que é fundamental a figura dun responsable coordinador.

O responsable da biblioteca nomeado o curso anterior, *M^a Dolores López Espiñeira*, seguirá a exercer as súas funcións polo menos por un curso máis, para manter unha continuidade no equipo. Así se acordou na reunión de claustro celebrada o día 3 de xuño do 2008

As funcións do responsable da biblioteca escolar seguen a ser as mesmas:

- ▶ Elaborar o proxecto anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro, e unha memoria final.
- ▶ Colaborar e coordinar o deseño e posta en práctica do Proxecto lector do centro
- ▶ Realizar o tratamento técnico dos fondos
- ▶ Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- ▶ Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- ▶ Definir os criterios para o préstamo e atender ao servizo xunto co equipo de apoio.
- ▶ Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- ▶ Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar

O EQUIPO DE APOIO

Estará formado por profesoras e profesores dos diferentes ciclos ou departamentos existentes no centro, que traballarán en coordinación co responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. Seguimos a contar coa colaboración do equipo directivo, e en concreto coa xefatura de estudos que, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, seguirá a prever as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os horarios do mesmo, nos que quedará recollida a súa participación neste servizo.

Este equipo de apoio, xunto coa responsable de biblioteca participou neste curso nun **seminario** “ESCRIBIR E ILUSTRAR” no CEFORES, cun obxectivo principal: “O Plan Lector”.

Na reunión do claustro do día 3 de xuño do 2008 acordouse que formarían parte do grupo de apoio da biblioteca os seguintes profesores:

Nome e Apelidos	Situación Administrativa	Etapa / Ciclo
Soledad Castro Campelle	P. Definitivo	E. Infantil
M ^a Dalia Abella Pérez	P. Definitivo	1º Ciclo E. Primaria
M ^a José Rivas García	P. Definitivo	2º Ciclo E. Primaria
M^a Dolores López Espiñeira	P. Definitivo	3º Ciclo E. Primaria
M ^a José Piñeiro Abeledo	P. Definitivo	3º Ciclo E. Primaria/ Xef. Est.
Olga Vales Corti	P. Definitivo	A.L / Depart. Extraescolares
Nieves López Feal	P. Definitivo	E. Infantil

As **funcións dos integrantes do equipo de biblioteca** son:

- ▶ Apoiar ao responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma.
- ▶ Recopilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento.
- ▶ Cooperar ao deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- ▶ Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.

- ▶ Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado coa fin de mellorar as intervencións e
- ▶ Colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

COMISIÓN DE BIBLIOTECA NO CONSELLO ESCOLAR


A Comisión de biblioteca terá a seguinte composición: por parte do Consello Escolar: un profesor/a, un pai/nai, un representante do Concello, un representante da Dirección; por parte da Asociación de Nais e Pais, un representante; por parte da biblioteca pública máis próxima, o responsable; o responsable da biblioteca escolar, quen actuará como secretario/a.

A comisión reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre, presidida pola xefatura de estudos ou o/a director/a.


As funcións desta Comisión de Biblioteca serían:

- ▶ Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.
- ▶ Realizar propostas ao Consello Escolar para as melloras necesarias.
- ▶ Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- ▶ Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- ▶ Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.

- ▶ Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.
- ▶ Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivo



Co seguinte gráfico vemos o papel da biblioteca na organización do noso centro.



7. ACTUACIÓN POR TRIMESTRES

A) XESTION TÉCNICA E ORGANIZACIÓN

Continuaremos a catalogar os fondos no programa MEIGA, e seguiremos coa adaptación da CDU acordada para o noso centro.

1º TRIMESTRE	Planificación e xestión das actividades que se levarán a cabo con relación a novo proxecto. Organización do horario da biblioteca. Revisión do material existente e expurgación e renovación do material deteriorado. Elaboración dunha lista coas necesidades dos ciclos nas diferentes materias e adquisición do mesmo.
	Selección dos libros para o préstamo específico do alumnado de Educación Infantil e primeiro ciclo de educación primaria. Selección e adquisición de fondos documentais relativos a novo proxecto; catalogación dos mesmos.
	Continuación do proceso de actualización da catalogación coa axuda do programa MEIGA dos libros de consulta. Colocación de etiquetas e códigos de barras.
2º TRIMESTRE	Retomar a expurgación, catalogación e organización dos libros de literatura para adultos e o seu correspondente rexistro e etiquetado. Adquisición de material audiovisual relacionado co proxecto.
3º TRIMESTRE	Continuar co traballo de catalogación no programa Meiga de todo o inacabado dos trimestres anteriores e do que chegue.

B) DINAMIZACIÓN

► FORMACIÓN DE USUARIOS

Para a boa marcha e o bo uso da biblioteca é fundamental que case todas as actividades de formación se leven a cabo no primeiro trimestre.

Por iso mantendo as directrices da Xunta, para este novo curso propuxémonos:

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">- Cada nivel visitará a biblioteca para recordar o seu funcionamento e os servizos e recursos dos que dispón.- Avanzar no manexo da CDU- Formación de novos grupos de alumnos/as que axudarán (durante os recreos) nos préstamos e organización.- Formación de todo o profesorado na aprendizaxe das novas tecnoloxías, aplicadas ao noso proxecto e ao desenvolvemento da 2ª fase do Plan Lector, coa axuda do grupo dinamizador das TIC- Sesión informativa para as familias coa mesma finalidade.- Utilización da biblioteca por parte de toda a Comunidade Educativa
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">- Encontros con ilustradores e escritores das diferentes obras que máis lles interesen, cun fin motivador e de axuda ao desenvolvemento do Plan Lector- Colaboración das familias facendo ponencias relacionada co a temática do novo proxecto.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none">- Procura a través de internet de aquelas fontes informativas e recursos necesarios para o desenvolvemento do noso proxecto.

Esta formación seguirase a facer en proxectos formais e informais por medio de actividades motivadoras que abranguen todos os niveis do centro.

► **EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN: EDUCACIÓN DOCUMENTAL**

En continuidade co proxecto do curso anterior, seguimos mantendo o mesmo obxectivo principal: a integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares. Por iso pretendemos:

1. Asesorar ao profesorado na utilización da documentación necesaria para poder facer uso deste acceso á información para que poida utilizalo no seu labor educativo e transmitilo ao alumnado, facilitando deste xeito o acceso igualitario ás fontes informativas logrando paliar as diferenzas socioculturais e económicas existentes entre o noso alumnado.
2. Facilitar ao noso alumnado a adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu posterior tratamento.





Para conseguir isto continuamos coa:

- a. Realización dun **obradoiro de educación documental** no que os nosos alumnos familiarízanse co manexo dos distintos soportes informativos.
- b. Realización dunha serie de **actividades de dinamización**, de distinta complexidade segundo o nivel dos alumnos. A motivación seguirá a ser a mascota de biblioteca “O Peralíño” que serviranos para introducir as actividades propostas.

ACCESO Á INFORMACIÓN DO PROFESORADO		
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	CONTIDOS
Facilitar ao profesorado información sobre as novas tecnoloxías da información e comunicación	<p>Asesorar ao profesorado sobre a utilización dos manuals informativos sobre :</p> 	O programa MEIGA: medio de busca de información do material do noso centro.
Integrar as fontes informativas electrónicas no tratamento dos contidos curriculares.		O uso da pizarra dixital: un tratamento básico da información.
Proporcionar instrumentos ao profesorado para que poida desenvolver a súa labor tutorial con maior facilidade.		Internet: un recurso básico de información <ul style="list-style-type: none"> • A páxina web do centro: un recurso informativo para toda a comunidade educativa.
Proporcionar ao profesorado material para facilitar a aprendizaxe do alumnado con nee.		O Programa XADE: medio de xestión e axuda na labor tutorial e de todo o profesorado. Programas específicos para alumnado con nee.

Todos estes>manuals informativos

 atópanse na nosa páxina web a disposición de toda a comunidade educativa.

ACCESO Á INFORMACIÓN DO ALUMNADO	
CONTIDOS	DINAMIZACIÓN
Obradoiro de educación documental	
<p>Fontes informativas impresas:</p> <p>Partes do libro.</p> <p>O labor informativo do libro.</p> <p>O xornal: As seccións do xornal</p> <p>O mapa: tipos e información subministrada.</p> <p>Os gráficos: de barras, lineais....</p> <p>Os atlas</p> <p>O diccionario: tipos</p> <p>A enciclopedia</p>   	<p>1º Trim.</p> <p><i>“O Peraliño chega á nosa ría”:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Os rapaces recollerán información sobre a nosa ría utilizando todo o material do que se dispoña na nosa biblioteca (ubicación, río que a forma, pobos que a limitan, economía...). - Os alumnos de E. I. e 1º ciclo de E.P. buscarán imaxes da nosa ría e tentarán recoñecer lugares. - Seguimento nos xornais de asuntos referentes á nosa ría. - Solicitarase das familias a súa colaboración.
	<p>2º Trim.</p> <p><i>“Peraliño atraca no castelo de San Felipe”:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Busca de información e imaxes sobre os castelos que enmarcan a nosas ría. A súa utilidade actual e antigamente. - Busca información sobre a vida que se desenvolvía ao redor dos castelos. - Localización na biblioteca de libros sobre castelos para ver diferencias e comparanzas con outros castelos. - Viaxe ao castelo. - Localización dende os castelos de lugares que forman a ría. Debuxos. Realización de murais.
<p>Fontes informativas electrónicas</p> <p>Busca en Internet.</p> <p>As páxinas web:</p> <p>O libro electrónico como ferramenta pedagóxica</p> <p>O programa MEIGA</p> <p>Outros programas específicos</p> 	<p>3º Trim.</p> <p><i>“O Peraliño visita as vilas da nosa ría....”</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Busca de información sobre os lugares que vai visitar a nosa mascota.. Recopilación e análise. - Localización nun mapa ou atlas. - Busca de imaxes en Internet. - Busca nos xornais de noticias de actualidade sobre eses lugares. Selección e montaxe das noticias. - Descubrimento in situ destes lugares, utilizando diferentes medios de transporte (lancha, autobús) <p>Segundo a idade dos rapaces as viaxes faranse aos lugares máis axeitados (castelos, pobo de pescadores, praias...)</p>

► **PROXECTO LECTOR**

Dende o grupo da biblioteca **intentouse sensibilizar sobre a importancia dun Plan Lector** en todos os niveis e materias, labor que fixo cada un dos membros do grupo, no ciclo ao que pertencía.

Vendo a boa disposición do profesorado, como quedou recollido na enquisa, e unha vez feita a valoración da mesma, presentouse ao equipo directivo e claustro de profesores a proposta para a posta en práctica de **“un tempo para ler”** Actividade que foi aceptada.

Pasado un trimestre, fíxose unha valoración da posta en práctica do proxecto, sendo o resultado totalmente positivo, polo cal continuarase con esta actividade nos vindeiros cursos para que **nenos e nenas vaian integrando a lectura nos seus hábitos de vida.**

Nesta 2ª fase de planificación pretendemos:

- Continuar potenciando dende a nosa biblioteca o desenvolvemento do hábito lector e **mellorar a competencia lectora** dende todas as áreas do currículo.
- **Integrar as TIC na mellora da competencia lectora** aproveitando o **“tempo de ler”** en crear grupos de 12 alumnos/as que durante 15 días empreguen o ordenador como soporte lector na aula de informática. Aplicarase no 2º e 3º ciclo de E. P.
- Este mesmo grupo recollerá enlaces a distintos sitios da rede que serán colgados na **nosa páxina Web** para facilitar a **lectura on-line** do nos alumnado.
- Coñecer as principais dificultades en materia de lectura, utilizando as novas tecnoloxías, como **apoio do alumnado de nee.**
- **Favorecer a competencia literaria.**
- **Educar no uso crítico da información.**
- Establecer contactos con diferentes institucións dedicadas ao fomento da lectura.

► **. FOMENTO DA LECTURA**

EXTRATEXIAS DE ANIMACIÓN	
1º Trim.	<p>Exposición de libros e material mariño relacionado co novo proxecto.</p> <p>Entrega ás familias dun tríptico do noso proxecto “De aventuras con Peraliño pola ría” co rogo de colaboración nas actividades.</p> <p>Obradoiro de lecto-escritura: DESCRICIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Coa busca de información, describe a nosa ría oral ou escrita.</i> - <i>Elaboración dun pequeno folleto turístico</i> - <i>Traballar a exposición</i> <p>Celebracións das conmemoracións deste trimestre</p>
2º Trim.	<p>Obradoiro de lecto-escritura: NARRACIÓN (As lendas)</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Recopilación de lendas sobre a ría e sobre os castelos</i> - <i>Invención de lendas relacionadas co mar, os castelos, a Idade Media...</i> <p>Exposición dos traballos e montaxe dun libro con eles</p> <p>Exposición de obxectos que se atopan nun castelo.</p> <p>Celebracións das conmemoracións deste trimestre</p>
3º Trim.	<p>Obradoiro de lecto-escritura: NARRACIÓN (O conto)</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Recoller nas familias contos de mariñeiros ou anécdotas.</i> - <i>Elaboración de contos tendo como protagonista á mascota, o mar, a ría...</i> - <i>Contar os contos escritos aos compañeiros doutras aulas.</i> <p>Obradoiro de declamación</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Recoller rimas, refráns, ditos que falen do mar, da ría, do entorno</i> - <i>Compoñer pequenas rimas.</i> - <i>Intentar facer un poema coas aventuras de Peraliño.</i> <p>Celebracións das conmemoracións deste trimestre</p>

► **APOIO AO ESTUDO OU OUTRAS ACTIVIDADES DESDE A BIBLIOTECA PARA A COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES SOCIAIS.**

No proceso pedagóxico da aprendizaxe é imprescindible considerar ás bibliotecas escolares como un recurso didáctico que axude no proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Por iso **dende a biblioteca, en coordinación co grupo de traballo das TIC e o Dpto. de Orientación:**


- Facilitaranse programas, recursos e material de apoio para traballar con alumnos de nee e desigualdades sociais, analizándose programas e libros axeitados, tendo en conta distintos niveis de profundidade.
- Buscarase a implicación das familias dada a súa importancia na axuda da aprendizaxe.

DINAMIZACIÓN		
Utilización de xogos de expresión oral para estimular a linguaxe, corrixir dificultades e compensar desigualdades sociais	1º Trim.	<p><u>Atención e observación</u></p> <p>Desenvolver a capacidade de atención e observación utilizando imaxes relacionadas co novo proxecto.</p> <p>Adaptación de distintos textos as nee.</p> <p>Manter en funcionamento os grupos de apoio as nee.</p> <p>Ampliación do fondo na biblioteca para compensar as desigualdades sociais.</p>
Utilización de distintos soportes para facilitar a aprendizaxe.	2º Trim.	<p><u>Comprensión</u></p> <p>Facilitar a interpretación de textos mediante preguntas.</p> <p>Secuenciar historias para facilitar o seu entendemento</p>
Facilitar o acceso a todos os soportes impresos e electrónicos como compensación das desigualdades sociais.	3º Trim.	<p><u>Expresión</u></p> <p>Descrición de obxectos relacionados coa ría, para desenvolver a capacidade de expresión.</p> <p>Dada unha situación problemática ou unha imaxe, que sexa quen de facer preguntas.</p>

8. HORARIO PREVISTO

O horario de apertura da biblioteca durante este curso foi o axeitado polo que decidimos manter o mesmo para o vindeiro 2008/09 No periodo lectivo de 9.00h. a 14.00h. e pola tarde, para toda a comunidade educativa, de 16.00h. a 18.00h.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00- 9:50					
9:55 – 10:50					
10:50 – 11:40	Actividades de formación de usuarios			Actividades de formación de usuarios	
	Equipo de apoio da biblioteca			Equipo de apoio da biblioteca	
11:40 – 12:10	Servicio de Préstamo informatizado 2º e 3º ciclo Primaria				
	Equipo de apoio da biblioteca				
12:10 – 13:05					
13:05 – 14:00	Animación á lectura e Préstamo E.I.		Obradoiro de educación documental	Animación á lectura e Préstamo 1º E.P.	Animación á lectura e Préstamo 2º E.P.
	Profesores titores		Equipo de apoio da biblioteca	Profesor titor	Profesor titor
T A R D E					
16 - 18	Apertura da biblioteca para toda a comunidade educativa				
	<ul style="list-style-type: none"> • Servicio de préstamo • Acceso a todo tipo de material informativo. 				
Profesorado de Garda. Colaboración da APA					



Uso aberto da biblioteca para calquera mestre co seu grupo de alumnos/as

CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Estableceremos a avaliación do noso proxecto en tres momentos fundamentais :

1º- Avaliación despois de cada actividade

Levaremos a cabo unha avaliación continua dos avances e posta en marcha do noso proxecto.

Sempre se rexistrarán datos durante a realización das actividades, principalmente das relacionadas coa formación de usuarios, educación documental e animación á lectura; mediante a utilización dunha ficha rexistro .

ACTIVIDADE	NIVEL	DATA
OBXECTIVO	ACADADO <input type="checkbox"/>	NON ACADADO <input type="checkbox"/>
MATERIAIS		
PARTICIPACIÓN		
DIFICULTADES/MELLORAS		
*Observacións		

2º-Avaliación trimestral

Cada trimestre farase unha análise global do desenvolvemento do proxecto (obxectivos, adecuación das actividades, dificultades...) que será realizado polo equipo de biblioteca.

3º- Avaliación final

Terá lugar ao finalizar o curso. Centraremos esta avaliación nos seguintes apartados:

alumnos, profesores, materiais, proxecto(metodoloxía). Elaboraranse unha serie de cuestionarios dirixidos a comunidade educativa onde valore e exprese as ideas sobre o proxecto.

Unha vez recollidos todos os datos emitirase un” informe–memoria” do funcionamento e organización da biblioteca que será presentado ao claustro e ao consello escolar.

ANEXO V

PROFESORADO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR

1.- PROFESORA RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR

NOME E APELLIDOS HA DOLORES LÓPEZ ESPINEIRA			
SITUACIÓN ADMINISTRATIVA PROPIETARIO DEFINITIVO			
HORAS SEMANAIS DE ATENCIÓN Á BIBLIOTECA ESCOLAR (NO CIRCO 2007/2008) 3 HORAS			
ACTIVIDADES DE FORMACIÓN ESPECÍFICAS SOBRE BIBLIOTECA ESCOLAR OU FOMENTO DA LECTURA			
TÍTULO DA ACTIVIDADE	LUGAR	ANO	Nº HORAS
XORNADAS PLANBE 2007	SANTIAGO	2007	12
ESCRIBIR E ILUSTRAR	FERROL	07/08	50
ORGANIZACIÓN PUNTO DE PART. BIBLIOT. EX.	FERROL	06/07	50
PLANTIC E PROXECTO LECTOR	FERROL	2008	10
NIVEL DAS TÉCNICAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN			
<input type="checkbox"/> NIVEL BÁSICO <input checked="" type="checkbox"/> NIVEL MEDIO <input type="checkbox"/> NIVEL ALTO			

2.- RELACIÓN E DATOS DOS MEMBROS DO EQUIPO DE APOIO Á BIBLIOTECA ESCOLAR

	NOME E APELLIDOS	TIPO DESTINO	CICLO/DEPARTAMENTO
1.-	SOLEDAD CASTRO CANPELLE	P. DEFINITIVO	E. INFANTIL
2.-	NIEVES LÓPEZ FEAL	P. DEFINITIVO	E. INFANTIL
3.-	HA DAÑA ABEUA PÉREZ	P. DEFINITIVO	1º CICLO E. PRIM.
4.-	HA JOSÉ RIVAS GARCÍA	P. DEFINITIVO	2º CICLO E. PRIM.
5.-	OLGA VALES CORTI	P. DEFINITIVO	AUD. E LING.
6.-	HA JOSÉ PIÑEIRO ABELEDO	P. DEFINITIVO	3º CICLO E.P. - REFES
7.-			
8.-			
9.-			

SI NON
 SI NON

SI NON
 SI NON

SI NON

SI NON

SI NON

SI NON

3.- FORMACIÓN EN MATERIA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

O profesorado que se relaciona abaixo, responsable da biblioteca escolar (ou integrante do equipo de apoio), manifesta a súa disposición de participación nas actividades de formación do profesorado que se organizan de forma específica para os centros seleccionados no Plan de mellora de bibliotecas escolares ou dentro desta convocatoria, ou nas actividades relacionadas con esta temática incluídas no Plan anual de formación do profesorado.

NOME E APELLIDOS	DNI	SINATURA
SOLEDAD CASTRO CANPELLE	32629822-K	
NIEVES LÓPEZ FEAL	32642250-Y	
HA DAÑA ABEUA PÉREZ	22431664-P	
HA JOSÉ RIVAS GARCÍA	76554239-G	
OLGA VALES CORTI	32399424-Z	
HA JOSÉ PIÑEIRO ABELEDO	32636496-W	
HA DOLORES LÓPEZ ESPINEIRA	32619267-T	

ANEXO VI

CERTIFICADO DE APROBACIÓN NO CLAUSTRO DO PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

Don/Dona	HA ISABEL CAJIDE PEDREIRA		
secretario/a do claustro do centro	C.E.I.P. ISAAC PERAL		
CERTIFICA que en sesión de claustro deste centro, celebrada o día 3 de XUNO de 2008, foi presentado o proxecto de biblioteca escolar, elaborado por profesores/as deste, sendo asumido por este claustro, co compromiso de incluílo na Programación anual de centro e de colaborar en outras actuacións derivadas da súa posta en marcha. Así mesmo, acordouse a presentación de solicitude de participación, co devandito proxecto, no Plan de mellora de bibliotecas escolares para o curso 2008/2009, convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación.			
O que asina, co visto e prace da dirección do centro, para os efectos oportunos.			
	FERROL - 4 de XUNO de 2008		
O/A SECRETARIO/A	Visto e prace O/A DIRECTOR/A		
			
Asno:	HA ISABEL CAJIDE PEDREIRA		

ANEXO VII

CERTIFICADO DE APROBACIÓN EN CONSELLO ESCOLAR PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

Don/Dona	HA ISABEL CAJIDE PEDREIRA		
secretario/a do Consello Escolar do centro	CEIP. ISAAC PERAL		
CERTIFICA que en sesión de Consello Escolar deste centro, realizada o día 3 de XUNO de 2008, se tomaron os seguintes acordos:			
Aprobado o proxecto de biblioteca escolar do centro, con previsión de incluílo na Programación anual correspondente ao curso 2008/2009, colaborar en outras actuacións derivadas da súa posta en marcha e presentar solicitude de participación no Plan de mellora de bibliotecas escolares para o curso 2008/2009, convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación.			
O que asina, co visto e prace da dirección do centro, para os efectos oportunos.			
	FERROL - 4 de XUNO de 2008		
O/A SECRETARIO/A	Visto e prace O/A DIRECTOR/A		
			
Asno:	HA ISABEL CAJIDE PEDREIRA		

